

NOTA DE PRENSA

O Alcalde de Boiro, Xosé Deira, e o Vicepresidente do organismo provincial, Pablo Villamar, presidirán este acto

Boiro acollerá este venres unha xornada sobre aforro enerxético promovida pola Deputación da Coruña

Boiro, 7 de abril de 2010. O Concello de Boiro acollerá este venres, día 9 de abril, ás 12.00 horas, unha xornada sobre aforro enerxético dirixida aos concellos, que estará presidida polo Alcalde, Xosé Deira Triñanes, e polo Vicepresidente da Deputación, Pablo Villamar. Esta reunión se enmarca na rolda de reunións de traballo que a Deputación da Coruña, xunto coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (Faepac) e o Inega, están a realizar no conxunto da provincia dirixidas ás entidades locais para informar das medidas que se pretenden poñer en marcha para colaborar cos concellos no seu aforro enerxético.

O programa da xuntanza é o seguinte:

- Saúda do Sr. Alcalde do Concello de Boiro, D. Xosé Deira Triñanes.
- Presentación do programa a cargo do Vicepresidente da Deputación, D. Pablo Villamar.
- Presentación da Axencia Provincial da Enerxía (Faepac) por parte do seu director, D. Jesús Castro.
- Análise do mercado eléctrico e oportunidades de contratación para os concellos, a cargo de Xosé Manuel Golpe, técnico de Faepac.
- Peche do encontro.

Saúdos. Gabinete de Prensa do Concello de Boiro